

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.

A. IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

B. PERSOAL QUE PRESTA SERVIZOS NO CENTRO

C. ENSINANZAS QUE SE IMPARTEN

D. ÓRGANOS CONSTITUIDOS

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

EQUIPOS DINAMIZADORES

COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

CONSELLO ESCOLAR

OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA

COMISIÓN ECONÓMICA

XUNTA DE DELEGADOS

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A.N.P.A.

1. - PLAN ANUAL

1.1 OBXECTIVOS XERAIS.

1.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO E ESTRATEXIAS

DE ACTUACIÓN.

2. - HORARIO XERAL DO CENTRO.

3. - ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

TRANSPORTE ESCOLAR

4. – DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

5. - PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E
EXTRAESCOLARES

6. - PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DA
LINGUA GALEGA

7. - PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO.

8. – PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA. PROXECTOS

ANEXOS

ÍNDICE

1. PROXECTO LECTOR DE CENTRO
 - 1.1 *OBXECTIVOS*
 - 1.2 *ORGANIZACIÓN*
 - 1.3. *ACTIVIDADES*
 - 1.4 *AVALIACIÓN*
 - 1.5 *RECURSOS*
2. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN CURSO 2012 - 2013
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO
3. PROXECTO INTERDISCIPLINAR: CARACTERÍSTICAS
- 4 . A ATENCIÓN EDUCATIVA COMO ACTIVIDADE ALTERNATIVA Á RELIXIÓN.
5. PLAN DE ACCIÓN DE TITORIAL

Introdución

Consonte co establecido polo Artigo 73 e seguintes do Decreto 7/1999 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (D.O.G. do 26 de xaneiro de 1999), polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, o equipo directivo elaborou este proxecto de Programación Xeral (P.X.A.) para o curso escolar 2012/13 coa finalidade de que o Claustro sexa informado e posteriormente sometela á aprobación do Consello Escolar do C.P.I. “A Xunqueira”.

A. Identificación do centro

O Centro Integrado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria “A Xunqueira” é un centro de ensinanza de carácter público que depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e atende as necesidades educativas dunha ampla zona do Concello de Fene.

O edificio atópase, en xeral, en aceptables condicións de funcionamento. Existen algunhas deficiencias, como barras de suxeición nos aseos de minusválidos, non dispoñemos de patios cubertos para impartir as clases de Educación Física e para os tempos de lecer, e o chan das pistas polideportivas atópase en moi mal estado. Os servizos de alumnos atópanse nun estado deficiente, polo que é necesario facer unha renovación dos sanitarios e das tuberías da auga de todo o edificio.

É necesario destacar a necesidade dun espazo para “usos múltiples”, especie de salón de actos, do que carecemos e que é totalmente necesario para a realización das diversas actividades.

Sería necesario soterrar as liñas de alta tensión que atravesan o patio do Centro.

Os accesos ao centro están en moi mal estado, sobre todo en época de choiva.

Referente ao Plan de Autoprotección do Centro, artellamos algúns mecanismos e medios dispoñibles para facer fronte a incidencias que poidan

afectar á seguridade xeral de alumnos/as, profesores/as e demais persoas, así como das instalacións escolares:

- ❖ Localización e equipamento das caixas de urxencias, co equipamento básico necesario.
- ❖ Dispoñemos dunhas sirenas específicas para avisar en caso de emerxencia.
- ❖ Dispoñemos de saídas de emerxencia que están debidamente sinaladas e libres de obstáculos.
- ❖ Contamos con sistemas de seguridade tales como: valos protectores, dispositivos de alarma, portas de seguridade e extintores.
- ❖ Control de persoas que acceden ao Centro. Para isto informouse, tanto nunha circular enviada ao principio de curso ás familias (onde se incluían horarios, reunións cos titores e outra serie de normas do Centro para o presente curso), como nas primeiras reunións mantidas con eles de que, unha vez tocada a serena de entrada, as portas pecharanse, de tal xeito que para acceder ao Centro, dispónse dun timbre na porta principal que é controlado polo conserxe.
- ❖ Respecto ao alumnado, só poderá abandonar o Centro, antes da hora de saída oficial, sen a autorización escrita dos pais/nais ou titores legais e sen unha persoa responsable e autorizada que os veña a recoller. Neste caso deberán dirixirse a Conxersería onde cubrirán o impreso creado a tal fin, indicando nome e curso do alumno e D.N.I. da persoa que vén a recollelo.

B. Persoal que presta o seus servizos no centro

O Claustro componse de 40 profesores dos que 34 teñen destino definitivo no Centro. 16 mestres/as atenden as necesidades da Educación Infantil e

Primaria, dos que 14 teñen destino definitivo e 22 as necesidades da Educación Secundaria Obrigatoria, dos que 6 son mestres adscritos e 16 PES. Dos 22 profesores de Educación Secundaria Obrigatoria 19 teñen destino definitivo no Centro. O Claustro o completan dos profesores de Relixión Católica, un deles completa o seu horario no IES de Fene.

É necesario sinalar que un mestre adscrito a Educación Secundaria se xubila voluntariamente no mes de novembro e que desde comezo de curso ten o seu substituto.

O persoal de servizos está formado por un conserxe, e tres persoas encargadas da limpeza, dependendo todos eles do Concello de Fene, e que realizan as súas tarefas satisfactoriamente.

O Equipo Directivo do Centro é o encargado de supervisar as mesmas.

Así mesmo, o centro conta cunha auxiliar-administrativa que desempeña as súas funcións baixo a supervisión da secretaria.

Tamén dispoñemos dunha coidadora a xornada completa e outra a media xornada (8:30 a 11:00 horas) que desenvolven o seu traballo en Educación Infantil e Primaria.

C. Ensinanzas que se imparten

A matrícula para o presente curso 2012/13 é de 351 alumnos e alumnas repartidos como segue:

Educación Infantil:

2º Ciclo – 49 alumnos		3 aulas (15, 13, 21)
-----------------------	--	----------------------

Educación Primaria: 122 Alumnos

1º Ciclo – 32 alumnos		1º Curso	12
		2º Curso	20
2º Ciclo – 53 alumnos		3º Curso	28 (2 Grupos)
		4º Curso	25
3º Ciclo – 37 alumnos		5º Curso	17
		6º Curso	20

Educación Secundaria: 180 Alumnos

1º e 2º – 102 alumnos

1º Curso 56 (3 Grupos)

2º Curso 46 (2 Grupos + Reforzo)

3º e 4º– 78 alumnos

3º Curso 43 (2 Grupos + PDC)

4º Curso 35 (2 Grupos)

En 2º de E.S.O. o reforzo desenvólvense na materia de Matemáticas e en 3º existe un grupo de PDC de dous anos con dez (10) alumnos/as.

En 4º de Educación Primaria e nas áreas instrumentais fíxose un desdobre do alumnado, por acordo maioritario do profesorado.

As medidas concretas de atención á diversidade aparecen recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade (P.X.A.D.).

D. Órganos constituídos

* Comisión de Coordinación Pedagóxica

A Comisión de Coordinación Pedagóxica é a encargada de establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e departamentos, plan de acción tutorial, adaptación curricular, etc, así como de coordinar os distintos equipos e departamentos docentes.

Reunirase cunha periodicidade mensual e realizará unha sesión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar este, levantando acta a secretaria da Comisión, co resumo do tratado. Ditas reunións poderanse celebrar por etapas educativas (Infantil/Primaria e Secundaria), agás unha reunión trimestral que deberá ser conxunta ao igual que a extraordinaria de comezo e a extraordinaria de final do curso.

As reunións do profesorado de Infantil/Primaria celebraranse o primeiro xoves de cada mes e as do profesorado de Secundaria o primeiro mércores de cada mes.

Esta comisión está constituída como segue:

Presidente	
Ricardo Agulló Leal	
	Xefa de estudos Primaria
	M ^a Dolores Yáñez Casal
	Xefa de estudos Secundaria
	M ^a Pilar Vázquez Castro

Coordinadores de Ciclo		
	M ^a Ángeles Vázquez Maceiras	E. Infantil
	Alicia Vázquez Méndez	1º Ciclo Primaria
	M ^a José Regueiro Vilar	2º Ciclo Primaria
	Araceli Pintos López	3º Ciclo Primaria

X. de Departamento E.S.O.	
	Ana Sobrido Juliás
	Jacqueline López Manso
	Cristina Porteiro Fernández
	Xosé Luis Couce Martínez

Ana M ^a Barral Rodríguez
Francisco Javier Cal Orgeira
Cristina Meitín Santamaría
Diego Calviño Fernández – Coordinador Abalar
Lucía Sesto Porto
Purificación Vila Varela
Pablo López Muñoz
Roberto Queipo Fernández
Xosé A. Guillermo Grela

E. Dinamización da Lingua Galega	Inés Castro Méndez (Coordinadora)
Xefa do Departamento de Orientación	M ^a Paz López Galego Dinamización Convivencia Escolar
Prof. Pedagogía Terapéutica Secundaria	M ^a Luz Calvo Fernández
Dinamización da Biblioteca (Coordinadora)	M ^a Carmen Rodríguez Feijoo

No presente curso escolar actuará como secretaria da Comisión Inés Castro Méndez e das reunións do profesorado de Ed. Secundaria M^a Luz Calvo Fernández.

- **Equipos Dinamizadores**

Están constituídos, para o presente curso escolar, polos seguintes mestres de Educación Infantil e Primaria

	Inés Castro Méndez	Responsable Dinamización
	M ^a Mercedes Saavedra Díaz	
Proxecto Lingüístico	María C. Lamas Vázquez	
	Isabel Losada Álvarez	

	M ^a José Regueiro Vilar	
Proxecto Lector/ Biblioteca	M ^a Ángeles Vázquez Maceiras	
	Isabel López Rocha	
	M ^a Yolanda Castro González	
	Emilio Vázquez Carballido	
	M ^a Carmen Rodríguez Feijóo	Responsable Dinamización

	Araceli Pintos López
	Alicia Vázquez Méndez
T.I.C.	Cecilia Dopico Souto

	Begoña Santiago Otero
Convivencia	Milagros Casal Hermida
	M ^a Dolores Yáñez Casal
	M ^a Esther Pilar Rivas Lobeira

Os coordinadores das diferentes dinamizacións para o curso 2012 – 13 serán os seguintes:

Biblioteca	M ^a Carmen Rodríguez Feijóo
Dinamización Lingua Galega	Inés Castro Méndez
Abalar	Diego Calviño Fernández
Convivencia	M ^a Paz López Galego

*** Comisión de Coordinación da Avaliación de Diagnóstico**

Conforme o establecido polo Art. 5º da Orde do 6 de outubro de 2010 (DOG do 15) pola que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia a comezo de cada curso escolar constituirase a comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico e a composición da mesma reflectirase na Programación Xeral Anual.

A comisión queda constituída por:

	Ricardo Agulló Leal (Presidente)
	M ^a Dolores Yáñez Casal (X.E. Primaria)
Comisión Coordinación Avaliación Diagnóstica	M ^a Pilar Vázquez Castro (X.E. Secundaria)
	M ^a Paz López Galego (X.D. Orientación)
	M ^a José Regueiro Vilar (Titora 4º Primaria)
	José Varela Rodríguez (Titor 2º E.S.O.)

As súas funcións serán as seguintes:

a) Informar á comunidade educativa sobre o sentido e finalidade da avaliación diagnóstica.

b) Coordinar o proceso desta avaliación no centro.

c) Colaborar coa administración e cos servizos de inspección naqueles aspectos do proceso para a que sexa requerida.

*** Consello Escolar**

O Consello funciona cos membros elixidos nas eleccións celebradas en novembro de 2010 para a renovación parcial do mesmo.

O Consello Escolar continúa cumprindo tódalas súas atribucións, segundo o establecido na Lei Orgánica 2 /2006, de 3 de maio, de Educación.

A súa composición é a seguinte:

Director	Ricardo Agulló Leal
Xefa de Estudos de Ed. Primaria	M ^a Dolores Yáñez Casal
Xefa de Estudos de Ed. Secundaria	M ^a Pilar Vázquez Castro
Secretaria	Isabel Hermida Rodríguez
Representantes do Profesorado	M ^a Cristina Porteiro Fernández Ángeles Vázquez Maceiras Xosé Luis Couce Martínez Ramón Gándara Martínez Inés Castro Méndez Emilio Vázquez Carballido
Representante do alumnado	David Seoane Fernández
Representante dos pais /nais	M. Teresa Teijeiro Rojo Olga Rodríguez Tojeiro Silvia López Sanesteban (ANPA)
Representante do persoal non docente	Elvira Ares Pena
Representante do Concello	Rita Couto Seijido

Dentro do Consello Escolar as comisións constituídas son:

*** Comisión Económica**

Está constituída, para o presente curso escolar polas seguintes persoas:

Director	Ricardo Agulló Leal
Secretaria	M ^a Isabel Hermida Rodríguez
Representante do Profesorado	Xosé Luis Couce Martínez
Representante do alumnado	
Representante dos pais /nais	Olga Rodríguez Tojeiro

*** Comisión de Convivencia**

Está constituída, para o presente curso escolar polas seguintes persoas:

Director	Ricardo Agulló Leal
Xefa de Estudos Primara	M ^a Dolores Yáñez Casal
Xefa de Estudos Secundaria	M ^a Pilar Vázquez Castro
Representante do Profesorado	M ^a Cristina Porteiro Fernández
Representante do alumnado	David Seoane Fernández
Representante dos pais /nais	Silvia López Sanesteban

Corresponde no actual curso 2012/13 e no mes de novembro a renovación parcial do Consello Escolar do Centro e despois de celebradas as eleccións procederase a renovación das correspondentes comisións e a formación definitiva da Comisión de Seguridade.

*** Observatorio de Convivencia**

Está constituído polas seguintes persoas:

Director	Ricardo Agulló Leal
Xefa de Estudio de Ed. Primaria	M ^a Dolores Yáñez Casal
Xefa de Estudio de Ed. Secundaria	M ^a Pilar Vázquez Castro
Orientadora	M ^a Paz López Galego
Representantes do Profesorado	M ^a Ángeles Vázquez Maceiras Cristina Porteiro Fernández
Representante do alumnado	David Seoane Fernández
Representante dos pais /nais	Silvia López Sanesteban
Representante do persoal non docente	Elvira Ares Pena

*** Xunta de Delegados /as**

Os alumnos do 3º Ciclo de Primaria e os de E.S.O. elixiron mediante sufraxio directo e secreto ós seus delegados e subdelegados de grupo.

E. Primaria, 5º	Delegada	Candela Pico Calvo
	Subdelegada	Laura Rivera Mouriz
E. Primaria, 6º	Delegada	Lucía Ferreiro Romero
	Subdelegado	José Antonio García Marinas
E. Secundaria, 1º A	Delegada	Paula Balado García
	Subdelegado	Jonathan Cardona Ramírez
E. Secundaria, 1º B	Delegado	Rubén Rey Varela
	Subdelegado	Rubén Serena Domínguez
E. Secundaria, 1º C	Delegada	Paula Hermida Acedo
	Subdelegada	Blanca Parga Torrente
E. Secundaria, 2º A	Delegado	Bruno Rey Romero

	Subdelegada	Lidia Rivas Pérez
E. Secundaria, 2º B	Delegada Subdelegada	Alicia Romero Pérez Verónica Quiveu Pérez
E. Secundaria, 3º A	Delegado Subdelegado	Iván Pico Ferro Xabier Alvariño Núñez
E. Secundaria, 3º B	Delegada Subdelegada	Sara Díaz Otero Iván Couce Fernández
E. Secundaria, 3º PDC	Delegada Subdelegado	Nerea Arnoso López Adrián Dopico Pérez
E. Secundaria, 4º A	Delegada Subdelegado	Alicia Paz Fraga Gabriel Martínez Seijo
E. Secundaria, 4º B	Delegado Subdelegado	Diego Rodríguez Rojo Daniel Pena Romero

Na reunión do día 22 de outubro constitúese a Xunta de delegados e é elixido Presidenta de dita Xunta David Seoane Fernández e como secretaria Sara Díaz Otero.

- **Equipo de Dinamización da Lingua Galega**

O equipo de Dinamización da Lingua Galega, legalmente constituído no CPI A Xunqueira, está integrado neste curso 2012-13 polas seguintes persoas:

As reunións do grupo terán periodicidade mensual, os últimos xoves, en horario de 16:20 a 17:15 horas.

Eugenio Bellón Lorenzo	Persoal non docente
Inés Castro Méndez	Profesora de Ed. Infantil (coordinadora)
Mª Mercedes Saavedra Díaz	Profesora de de.Primaria
Ana Sobrido Juliás	Profesora de Secundaria
Candela Quintía Romero	Alumna de 2º A de ESO
Ariadna Rocha López	Alumna de 2º A de ESO
Lidia Rivas Pérez	Alumna de 2º A de ESO
Ana Mosquera González	Alumna de 2º B de ESO
Eva Mazás Arnoso	Alumna de 3º A de ESO
Nera Pita Quelle	Alumna de 2º B de ESO
David Seoane Fernández	Alumno de 4º B de ESO

Marcos M. Lorenzo Méndez	Alumno de 4º A de ESO
Uxia Castro Martínez	Alumna de 4º B de ESO
Miriam Castro Sánchez	Alumna de 4º B de ESO

- **A.N.P.A.**

Existe no Centro unha Asociación de Nais/Pais de Alumnos/as legalmente constituída que participa activamente nas actividades do mesmo, mantendo unha estreita relación co Equipo Directivo e demais membros desta comunidade educativa.

Dispoñen, dentro do centro, dun local para o desenvolvemento das funcións que lles son propias e manteñen unha reunión ordinaria ao mes co director.

O horario de atención ao público da directiva da ANPA é os xoves de 17:00 a 18:00 horas.

1. PLAN ANUAL

1.1 OBXECTIVOS XERAIS

1. Mellorar a calidade do ensino e da educación do noso alumnado.
 - Axudar ao alumnado para que descubra, coñeza, desenvolva e mellore as súas propias cualidades e as súas potencialidades físicas, psíquicas, sensoriais, sociais e emocionais.
 - Traballar co alumnado para que considere de forma responsable a importancia do esforzo, o traballo ben feito, e o estudo, dotándoos dos hábitos intelectuais e as técnicas de traballo para que sexan capaces de adquirir unha autonomía no traballo, cheguen a tomar decisións persoais e exerciten o seu sentido crítico ante a sociedade que os rodea.
 - Formar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia.
 - Potenciar o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado nun marco democrático e plural.
 - Inserir a acción educativa dentro do contexto sociocultural do alumnado.
 - Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado e tratar de elevar o seu nivel cultural.
 - Formar no respecto da pluralidade lingüística e cultural.
2. Favorecer a igualdade de oportunidades, prestando maior atención ao alumnado de menor capacidade.
3. Conseguir que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) se integren na tarefa do alumnado e profesorado como unha ferramenta máis que nos axude a desenvolver o currículo.
4. Fomentar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa de forma que se manteña un clima de traballo agradable que favoreza o desenvolvemento persoal e profesional de todos e todas.
5. Formación para a Paz e para o respecto da defensa do Medio Ambiente.
6. Participar e colaborar con tódolos organismos e membros que compoñen esta Comunidade Escolar para contribuír á mellor

consecución dos obxectivos educativos.

7. Manter unha xestión democrática, clara e totalmente transparente en tódolos aspectos: pedagóxico, económico e de servizos.

1.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ESTRATEXÍAS DE ACTUACIÓN

OBXECTIVO	ESTRATEXÍAS DE ACTUACIÓN	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLE
1. – Lograr unha coordinación efectiva entre os diferentes ciclos e Departamentos	Dinamizar a CCP. Establecer reunións entre o profesorado dos diferentes niveis educativos.	Curso 2012 - 13	CCP e Claustro
2. – Mellorar a atención ao alumnado con materias pendentes ou con necesidades de reforzo	No presente curso impártense reforzo de Matemáticas 2º de ESO. Programa de Diversificación Curricular de dous anos. Os alumnos con materias pendentes farán dúas probas e aqueles que suspendan alguna das partes terá dereito a un exame final no mes de maio. Atención individualizada polas profesoras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para os alumnos con nee e adaptacións curriculares significativas. Análise dos resultados obtidos polos alumnos nas diferentes avaliacións e propostas de grupos flexibles.	Curso 2012 - 13	CCP e Claustro
3. – Analizar os resultados obtidos nas probas de avaliación de diagnóstico incorporando ao currículo de forma coordinada a avaliación das competencias básicas	Elaboración dun documento de partida para profundizar na consecución e avaliación das competencias básicas. Informar as familias dos resultados acadados polos alumnos nas probas de avaliación de diagnóstico.	Curso 2012 – 13	Comisión de Avaliación de Diagnóstico CCP e Claustro
4. – Dinamizar o proxecto lector do centro	Existe un e é coñecido polo claustro. Débese dinamizar e avaiar	Curso 2012 – 13	Claustro, CCP, Profesora encargada da Biblioteca e Dirección
5. – Continuar co proxecto de iniciación en Francés no terceiro ciclo de Ed. Primaria	Adicar unha hora semanal en 5º e 6º de Ed. Primaria para que os alumnos teñan unha primeira aproximación á Lingua Francesa.	Curso 2012 – 13	CCP e Claustro

<p>6.- Elaborar o proxecto lingüístico do Centro no que se establecerán as áreas a impartir en lingua galega</p>	<p>Redacción definitiva do proxecto Lingüístico do Centro para adaptalo ao Decreto 79/2010 do 20 de maio. Establecemento definitivos das materias a impartir en cada unha das linguas. Establecer as accións encamiñadas a mellorar o coñecemento das linguas estranxeiras e de dinamización da lingua galega.</p>	<p>2º Trimestre: presentación a Claustro e Consello Escolar</p>	<p>Comisión para a elaboración do Proxecto Lingüístico, CCP, Claustro</p>
<p>7.- Potenciar o Consello Escolar impulsando os traballos das comisións</p>	<p>O Consello Escolar debe ter maior protagonismo na marcha do centro, polo que se revitalizarán as comisións constituídas (seguridade, convivencia, económica,etc) que terán unhas reunións periódicas para tratar os diferentes temas.</p>	<p>Curso 2012 – 13</p>	<p>Consello Escolar e Dirección</p>
<p>9. – Potenciar a participación das familias na vida do Centro</p>	<p>Procurar que as familias teñan un mellor coñecemento do Centro. Recíbese ás familias do alumnado de nova incorporación (3 anos e 1º de ESO) antes do inicio do curso. Implantación do uso obligatorio para os alumnos/as de Ed. Primaria e Ed. Secundaria da “Axenda Escolar” para unha comunicación máis fluida entre o centro e as familias. Realización de reunións periódicas coa directiva da ANPA.</p>	<p>Curso 2012 – 13</p>	<p>Dirección; Departamento de Orientación, Titores</p>
<p>9. – Incrementar a participación do alumnado na vida do Centro, potenciando a figura dos delegados e dos representantes do alumnado no Consello Escolar</p>	<p>Pretendese mellorar o grao de satisfacción do alumnado, potenciando a súa participación e desenvolvendo un modelo integrado de mellora da convivencia. Institucionalizar as asembleas da Xunta de delegados</p>	<p>Curso 2012 – 13</p>	<p>Dirección; Departamento de Orientación; Titores e Profesorado</p>
<p>10. – Potenciar o uso da Biblioteca</p>	<p>Continuar co apertura da Biblioteca nos recreos. Posta en marcha do servizo de préstamo dos fondos documentais da Biblioteca. Dinamización das actividades propostas polo Equipo de Biblioteca.</p>	<p>Curso 2012 – 13</p>	<p>Claustro, CCP, Profesora encargada da Biblioteca, Grupo dinamizador de Biblioteca e Dirección</p>
<p>11. – Crear no alumnado hábitos de orde, limpeza e respecto, tanto ao material do Centro como ás persoas que convivimos nel.</p>	<p>Continuar co desenvolvemento do Plan de Convivencia. Campaña de limpeza das aulas e patio. Mellorar o funcionamento da Aula de Convivencia Traballar nas diferentes titorías co R.O.F.</p>	<p>Curso 2012 – 13</p>	<p>Observatorio de Convivencia; Titores; Departamento de Orientación e Consello Escolar</p>

<p>12. – Poñer en funcionamento o Plan de Autoprotección do Centro</p>	<p>Implantar un programa de formación para actuar en caso de emerxencia. Organización dun simulacro de evacuación do centro e avalialo</p>	<p>1º e 2º Trimestre: Formación 3º Trimestre: Realización do simulacro</p>	<p>E. Directivo</p>
<p>13. – Potenciar o uso das novas tecnoloxías</p>	<p>Mellorar a dotación das aulas de material informático e conexións. Mellorar os contidos da páxina web do Centro. Un obxectivo específico do presente curso e desenvolver o Proxecto Abalar.</p>	<p>Curso 2012 – 13</p>	<p>Profesorado; CCP; Profesores encargados das TIC e Proxecto Abalar; Dirección</p>
<p>14. – Continuar coas melloras nas instalacións do Centro.</p>	<p>Continuar, con cargo ós orzamentos do Centro, coas melloras nas instalacións</p>	<p>Curso 2012 – 13</p>	<p>Equipo Directivo; Consello Escolar</p>
<p>15. – Mellorar o sistema de información do centro</p>	<p>Dar a coñecer á Comunidade Educativa os aspectos máis significativos das programacións didácticas a través da páxina web. Publicitar nos medios de comunicación as diferentes actividades desenvolvidas no Centro.</p>	<p>Curso 2012 – 13</p>	<p>Equipo Directivo</p>

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

Neste curso, segue a funcionar a xornada única de mañá, desenvolvéndose polas tardes diversas actividades extraescolares (deportivas, culturais e artísticas) promovidas e organizadas polo Concello e A.N.P.A. .

Os mestres/as de Educación Infantil e Primaria terán os xoves , pola tarde, as horas complementarias de obrigada permanencia no centro.

O horario lectivo é de 08:45 a 13:45 horas pola mañá para Ed. Infantil, Primaria e Secundaria. Os martes pola tarde os alumnos de Secundaria completan o seu horario de 16:20 a 18:00 horas.

Os alumnos de Ed. Primaria teñen cinco períodos lectivos diarios e os de Educación Secundaria seis períodos lectivos cada día e dúas sesións nas tardes dos martes.

O alumnado de Ed. Infantil ten o seu recreo de 10:25 a 10:55; o recreo do alumnado de Ed. Primaria é de 11:15 a 11:45 horas e o de Educación Secundaria é de 11:50 a 12:10.

A distribución das sesións lectivas é a seguinte:

EDUCACIÓN INFANTIL	
1ª Sesión	8:45 – 9:35
2ª Sesión	9:35 – 10:25
Recreo	10:25 – 10:55
3ª Sesión	10:55 – 11:45
4ª Sesión	11:45 – 12:45
5ª Sesión	12:45 – 13:40

EDUCACIÓN PRIMARIA	
1ª Sesión	8:45 – 9:35
2ª Sesión	9:35 – 10:20
3ª Sesión	10:20 – 11:15
Recreo	11:15 – 11:45
4ª Sesión	11:45 – 12:45
5ª Sesión	12:45 – 13:45

EDUCACIÓN SECUNDARIA	
1ª Sesión	8:45 – 9:35
2ª Sesión	9:35 – 10:20
3ª Sesión	10:20 – 11:05
4ª Sesión	11:05 – 11:50
Recreo	11:50 – 12:10
5ª Sesión	12:10 – 13:00
6ª Sesión	13:00 – 13:45
7ª Sesión	16: 20 – 17:10 (Martes)
8ª Sesión	17:10 – 18:00 (Martes)

As portas de acceso ao recinto exterior do Centro abrirán ás 8:30 horas. Durante o horario lectivo para acceder ao recinto se empregará preferentemente á porta lateral do paseo marítimo. As portas de acceso ao interior permanecerán pechadas, a ser posible en horas de clase, pola seguridade do alumnado e para poder controlar as persoas que acceden ao mesmo.

Ademais dos días non lectivos que veñen marcados no calendario escolar do presente curso, o Consello Escolar, acordou solicitar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Educación os seguintes:

- . 7 de decembro de 2012
- . 16 de maio de 2013

As actividades extraescolares organizadas polo Concello de Fene desenvólvense de luns a venres de 16.30 a 20.30 e son atendidas polo persoal contratado polo propio Concello.

Para a utilización das instalacións por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar, presentaranse as correspondentes solicitudes ante a Dirección que logo pasarán ao Consello Escolar para a súa aprobación.

Durante os días non lectivos o Centro permanecerá aberto para atención ao público de 09:00 as 13:00 horas.

3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE ESCOLAR

Funciona o transporte escolar para todos aqueles alumnos/as que teñen os seus domicilios lonxe do Centro. Dito transporte realízao a empresa Francisco Candocia Villadóniga. Funcionan cinco liñas que fan rutas diferentes, transportando en total 167 alumnos deste centro, distribuídos da seguinte maneira:

Alumnos/as	Ed. Infantil	Ed. Primaria	ESO	TOTAL
Línea 1	5	10	8	23
Línea 2	5	17	33	55
Línea 3	4	9	8	21
Línea 4	0	1	45	46
Línea 5	3	6	13	22
TOTAL	17	43	107	167

Os itinerarios son os seguintes:

Liña nº 1 : Ruta Casa da Cultura – C.P.I “A Xunqueira”.

Liña nº 2 : Ruta Beelle – C.P.I “A Xunqueira”.

Liña nº 3 : Ruta A Corbeira – C.P.I “A Xunqueira”.

Liña nº 4 : Ruta Chamoso – C.P.I “A Xunqueira”

Liña nº 5 : Ruta O Puntal – C.P.I “A Xunqueira”

O horario do mesmo é de mañá, para a xornada continuada, e de tarde os martes.

Para ter maior organización e control dos alumnos/as que utilizan o transporte escolar, está a funcionar o “Carné de transporte”.

Tamén cada unha das rutas dispón da figura dunha coidadora, que se fará cargo dos rapaces durante o percorrido ata o Colexio.

En cumprimento do establecido pola Orde de 23 de xuño de 2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (DOG, 30 de xuño de 2011), e en relación co deber que o profesorado ten sobre a garda e custodia do alumnado que emprega o transporte escolar no período de tempo que transcorre desde a chegada do mesmo e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan

as actividades escolares ata a saída do transporte escolar estableceronse unhas quendas de gardas do profesorado dos tres niveis educativos.

Ditas quendas aparecen reflectidas no Documento de Organización do Centro (DOC).

4. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

O D.O.C. é o documento no que se recollen todos os datos relevantes referidos á aspectos organizativos: horarios de profesores e alumnos, relación de profesores, composición dos órganos de goberno e coordinación docente.

Dito Documento debe ser elaborado a partir da aplicación informática XADE e remitido pola Dirección á Inspección Educativa e unha copia do mesmo atopase en secretaria a disposición da comunidade educativa.

Os aspectos máis salientables do DOC os recollemos a continuación.

EQUIPO DIRECTIVO

O Equipo Directivo do Centro está constituído por:

- Ricardo Agulló Leal (Director)
- M^a Dolores Yáñez Casal (Xefa de Estudos de Primaria)
- M^a Pilar Vázquez Castro (Xefa de Estudos de Secundaria).
- M^a Isabel Hermida Rodríguez (Secretaria).

O nomeamento do equipo directivo é por un período de catro anos (1 de xullo 2011 – 30 de xuño 2015).

Os membros deste equipo traballarán de forma coordinada no desempeño das súas funcións dinamizando as actividades do Centro.

Este equipo dispón dun horario de atención ao público:

Director:	11:00 a 13:00 h. (tódolos días)
Xef. de Estudos Primaria:	08:45 a 09:30 h (tódolos días)
Xef. de Estudios Secundaria	9:35 a 11:05 h (martes, xoves e venres)
Secretaria:	10:20 a 11:05 h. (martes, mércores e xoves)

Así mesmo, teñen unha reunión semanal (mércores de 9:35 a 11.05) para favorecer a coordinación das súas funcións.

Durante o período lectivo sempre estará presente, polo menos, un membro do equipo directivo sen clase para a atención dos membros da comunidade educativa.

En caso de ausencia ou enfermidade do director será substituído nas súas funcións pola Xefa de Estudos de Primaria M^a Dolores Yáñez Casal.

EQUIPOS DE CICLO

Os equipos de ciclo agrupan a todos os mestres que imparten docencia real para organizar e desenvolver baixo a supervisión da Xefa de Estudos de Primaria as ensinanzas propias do ciclo. Así mesmo, estes coordinaranse entre si, tanto para a consecución dun mellor rendemento educativo como para unha efectiva realización da Programación Xeral Anual (PXA).

Reúnense cunha periodicidade mensual, coincidindo co primeiro xoves de cada mes, levantando acta o coordinador/a co resumo do tratado.

Estan constituídos, para o presente curso escolar, polos seguintes:

Educación Infantil	Milagros Casal Hermida	
	Cecilia Dopico Souto	
	Ángeles Vázquez Maceiras	<i>Coordinadora</i>
	Inés Castro Méndez	
Educación Primaria 1º Ciclo	M ^a Yolanda Castro González	
	Mercedes Saavedra Díaz	
	Isabel López Rocha	
	M ^a Dolores Yáñez Casal	
	Alicia Vázquez Méndez	<i>Coordinadora</i>
Educación Primaria 2º Ciclo	M ^a Esther P. Rivas Lobeira	
	Isabel Losada Álvarez	
	Emilio Vázquez Carballido	
	M ^a José Regueiro Vilar	<i>Coordinadora</i>
Educación Primaria 3º Ciclo	M ^a Carmen Rodríguez Feijoo	
	Begoña Santiago Otero	
	Araceli Pintos López	<i>Coordinadora</i>
	María C. Lamas Vázquez	

DEPARTAMENTOS

Son órganos básicos de participación no ámbito pedagóxico da educación secundaria baseados nos principios de traballo en equipo, encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das materias e as actividades que se lles encomenden dentro do ámbito das súas competencias.

Para potenciar o funcionamento e a coordinación de todos os Departamentos, planificarán as reunións e temas a tratar.

Están compostos por tódolos profesores e profesoras que impartan o ensino propio das materias e todos eles contarán cun Xefe de Departamento.

As reunións dos departamentos didácticos faranse como mínimo unha vez ao mes, logo da convocatoria do xefe/a do departamento. As ditas reunións terán o mesmo carácter que as do claustro de profesores e computaranse dentro das sete horas complementarias non fixas. O xefe/a de departamento deberá levantar acta, no libro de actas correspondente, co resumo dos temas tratados.

Están constituídos para o presente curso escolar os seguintes:

Departamento de Orientación:

Está integrado polos seguintes membros:

Pedagogía Terapéutica Primaria: Araceli Pintos López (Coordinadora 3º ciclo de Primaria).

Pedagogía Terapéutica Secundaria: Mª Luz Calvo Fernández.

Profesora de Ed. Secundaria Ámbito Científico: Cristina Meitín Santamaría

Profesora de Ed. Secundaria Ámbito Lingüístico: Ana Sobrido Juliás.

Profesor de Audición e Linguaxe: Alicia Vázquez Méndez (Coordinadora 1º Ciclo de Primaria)

Coordinadora 2º Ciclo de Primaria: M. José Regueiro Vilar

Coordinadora E. Infantil: Ángeles Vázquez Maceiras

Orientadora: Mª Paz López Galego (Xefa do departamento)

Música	Ana Sobrido Juliás	<i>Xefa de departamento</i>
Francés	Jacqueline López Manso	<i>Xefa de departamento</i>

Inglés	Mª Cristina Porteiro Fernández	<i>Xefa de departamento</i>
	Arturo Palmero Verdera	
	Ricardo Agulló Leal	
Xeografía e Hª	Xosé Luis Couce Martínez	<i>Xefe de departamento</i>
	Ramón Gándara Martínez Rosa Mª Rodríguez Serantes	
L. Galega e Liter.	Mª Pilar Vázquez Castro	
	Ana Mª Barral Rodríguez	<i>Xefa de departamento</i>
Tecnoloxía	Francisco Javier Cal Orgeira	<i>Xefe de departamento</i>
Matemáticas	Ovidio Alejandro Mariñas	
	Isabel Hermida Rodríguez	
	Cristina Meitín Santamaría	<i>Xefa de departamento</i>
Ed. Física e Deport.	Diego Calviño Fernández	<i>Xefe de departamento</i>
Plástica e Visual	Lucía Sesto Porto	<i>Xefa de departamento</i>
Ciencias Naturais	Purificación Vila Varela	<i>Xefa de departamento</i>
	Sandra Pombo Pasín	
Física e Química	Pablo López Muñoz	<i>Xefe de departamento</i>
L. Castelá e Literat.	Roberto Queipo Fernández	<i>Xefa de departamento</i>
	José Varela Rodríguez	

Relixión Católica

Xosé A. Guillermo Grela

Xefe de departamento

Rexístranse nos arquivos do Centro as programacións específicas para o presente curso escolar 2012-13 de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria (E.S.O.), elaboradas polos ciclos e departamentos correspondentes, así como a programación do departamento de orientación.

Os aspectos máis salientables das programacións didácticas de cada ciclo/etapa educativa e das diferentes materias de Educación Secundaria Obrigatoria están a disposición de toda a comunidade educactiva na páxina web do centro.

5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No presente curso o Claustro de profesores acordou , na súa reunión extraordinaria do día 4 de outubro, non celebrar os festivais e demais celebracións conxuntas de todo o centro como medida de protesta ante os recortes da Consellería de Educación.

Realizaranse aquelas conmemoracións que establece a Orde do 13 de xuño de 2012 (DOG do 22) pola que se aproba o calendario escolar para o presente curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Os profesores/as traballarán en estreita colaboración coas Xefas de Estudos, esperando así axilizar e organizar mellor as actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos a utilizar. Ditas conmemoracións faránse dentro de cada aula.

A coordinación das diversas conmemoracións que se fagan en horario lectivo correrán a cargo das xefas de estudos.

Das conmemoracións cabe salientar as seguintes:

- Día Internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro)
- Día da Declaración Universal Dereitos Humanos (10 de decembro)
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia (do 1 ó 11 de decembro).
- Día da Paz (30 de xaneiro)
- Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo)
- Semana da Prensa (do 11 ao 16 de marzo. Un día desta semana traballarase nas aulas con xornais)
- Día Mundial dos dereitos do Consumidor (15 de marzo)
- Día Mundial da Saúde (7 de abril)
- Día do Libro (entre o 12 e o 30 de abril)
- Día de Europa (9 de maio)
- Semana das Letras Galegas (do 9 ao 17 de maio)
- Día Mundial do Ambiente (5 de xuño)

Ademais están programadas as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

Educación Infantil:

- O contorno.
- Mostra de teatro
- Visita a un Belén en Nadal.
- Parque de Educación Viaria de Barallobre.
- Granxa escola de Belelle.
- Aldea Nova en Sedes
- Asistencia a mostras de teatro, exposicións axeitadas que vaian xurdindo ao longo do curso

Educación Primaria 1º Ciclo:

- Faranse distintas saídas polo contorno sempre que se consideren necesarias.
- Facer alomenos unha saída por trimestre (pendentes de confirmar).
- Asistencia ao concerto didáctico de “O Cascanoces” (Coruña – febreiro).
- Todas aquelas saídas e actividades culturais que programe o concello e que se consideren de interese para a consecución dos obxectivos plantexados nas distintas áreas.
- Saída de final de curso (a determinar).

Educación Primaria 2º Ciclo:

- Só desenvolverá actividades complementarias no centro.

Educación Primaria 3º Ciclo:

- O contorno, sempre que se considere necesario.
- Actividades culturais (saídas ao teatro, cine, conferencias de escritores, charlas informativas ou saídas deportivas) que se estimen oportunas como complemento á formación do alumnado.
Todas estas actividades levaránse a cabo dentro do horario lectivo.

- Excursión fin de etapa educativa (alumnos de 6º E.P.). Tanto o destino como a duración (dous ou tres días no mes de xuño e dentro do periodo lectivo), dependerá das posibilidades económicas.

•

Educación Primaria Educación Física:

- Atletismo divertido e xornada de xogos tradicionais.
- Programa de Natación Escolar.
- Fútbol (fin de curso).
- Milla Escolar de Fene (actividade extraescolar).

Educación Secundaria:

- O entorno (todos os niveis).
- *Departamento de Francés:*
 - Asistencia a obra de teatro en francés “Bon Voyage” (A Coruña 12 de novembro).
 - Unha posible saída cultural a París con alumnos de 3º e 4º de ESO (2º Trimestre).
- *Departamento de Inglés:*
 - En colaboración co Departamento de Lingua Galega “Contacontos en inglés e galego” (Semana das Letras Galegas).
- *Departamento de Educación Física:*
 - Escalada: alumnos de 1º de ESO (3ª avaliación).
 - Senderismo: alumnos de 2º de ESO (3ª avaliación).
 - Orientación: alumnos de 3º de ESO (3ª avaliación).
 - Multiaventura: alumnos de 4º ESO (3ª avaliación)
 - Actividades extraescolares: “Viaxe a neve” coa participación de todo o alumnado que o desexe. (mes de xaneiro/febreiro).
- *Departamento de Música:*
 - Concertos didácticos na Coruña. (Ensaio da Sinfónica de Galicia no Palacio da Ópera dentro do programa “Descubrir a Música”).
 - Outras actividades ou concertos didácticos que poden xurdir durante o curso.

- Intentarase realizar algunha audición do alumnado de música co traballo realizado nas clases durante o curso.
- Concertos didácticos de órgano (Concello de Celanova) para o alumnado de 2º e 3º de ESO. Esta actividade conleva a posibilidade de aloxarse algún día no Albergue Municipal e realizar diversas rutas e visitas turísticas con monitores da zona.
- Visita cultural a Madrid (alumnado de 4º de ESO) con asistencia a diversos eventos como: musicais, cafés-concerto con actuación en vivo, obra de teatro, visita a museos.
- *Departamento de Xeografía e Historia*
 - Participar nalgunha das saídas que organiza o Proxecto Terra (alumnado de 2º de ESO).
 - Actividades que poidan xurdir coa marcha do curso (visita a exposicións, etc).
- *Departamento de Lingua Castelá*
 - Asistencia a unha representación teatral (Ferrol) para alumnos/as de 4º de ESO.
- *Departamento de Lingua Galega*
 - Asistencia a unha representación teatral (Narón) para alumnos/as de 3º e 4º de ESO.

Actividades Extraescolares

- Dentro das **actividades extraescolares**, que se realizan fóra do horario lectivo, cabe sinalar:

Organizadas polo Concello de Fene no Centro:

Escolas Culturais do 15 de outubro de 2012 ao 31 de maio de 2013

- Guitarra: Grupo de iniciación: Martes e Venres de 16:30 a 17:30

Grupos de Perfección: Luns e Xoves

Grupo 1 – de 16:30 a 17:30 horas.

Grupo 2 – de 17:30 a 18:30 horas

Grupo 3 – de 18:30 a 19.30 horas

Grupo 4 – de 19:30 a 20:30 horas

6. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A PONTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

A. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CPI A XUNQUEIRA.

Para expoñer estes datos baseámonos nun estudo máis exhaustivo e profundo que se realizou no curso 2007-2008 para realizar a determinación do Contorno sociolingüístico, estudo previo á realización do Plan Lingüístico de Centro.

A.1. Contorno sociolingüístico do centro.

O CPI A Xunqueira ubícase na parroquia de San Valentín no concello de Fene (14.246 habitantes - censo 2006). O barrio de San Valentín conta con 1.590 habitantes segundo o censo do ano 2006 e é unha das parroquias máis urbanizadas. Primeiramente foi un colexio público de Educación Infantil e EXB e dende o ano 1998 constitúese como Centro Público Integrado .Neste curso 2010 hai escolarizados 342 alumnos: 56 en ED.Infantil;133 en E.Primaria e 162 en Ed.Secundaria. Proveñen maioritariamente do barrio . En Ed.secundaria matricúlase alumnado doutras parroquias que son Perlío, Fene e Sillobre. A presenza do alumnado inmigrante é pouco importante: 17 alumnos (8 sudamericanos, 3 chineses, 5 nenos brasileiros e 1 neno portugués).

No estudo sociolingüístico realizado para afrontar a realización do PLC salientamos a situación sociolingüística do concello, onde observamos un importante retroceso do galego como lingua de transmisión primaria, sobre todo como xa é coñecido no grupo de 15 a 24 anos, mentres a partir dos 45 a porcentaxe sobe ao 48%. Os falantes iniciais en galego supoñen o 31% sumando (só galego e +galego)O uso do galego nos fogares ronda o 50% da poboación. Varían pouco as porcentaxes dependendo se se fala coa nai(49.10) co pai(47.16 cos avós (46.45) coa parella(55.62).

Con estes datos podemos deducir que a lingua habitual nos fogares do noso contexto e cunha lixeira vantaxe a galega.

No que respecta ao uso da lingua por parte do concello de Fene foi moi coñecido o compromiso deste concello coa lingua e a súa normalización en todos os ámbitos da vida social, se ben esta situación empeorou nos últimos anos. O

concello colabora cos centros de ensino en todas as actividades que teñan como obxectivo a potenciación da lingua galega.

A.2. A situación do profesorado.

Das enquisas realizadas a todos os profesores do centro (42) só conseguimos unha mostra de 21 profesores, de aí deducimos o perfil sociolingüístico do profesorado. A lingua habitual predominante é a castelá, se ben a medida que sobe a idade aumentan o uso do galego como lingua predominante. Tamén dependendo do lugar de procedencia os resultados varían: así os docentes que veñen de áreas urbanas como A Coruña (6) Ferrol teñen como idioma habitual predominante o castelán. Cando nos referimos á lingua usada no ámbito educativo observamos a presenza das dúas linguas por igual.

Polo que se refire ás actitudes cara á normalización social do idioma e a utilización do galego no ensino aparecen os primeiros prexuízos (abundante lexislación, falsa imposición). Obsérvase unha falta de motivación do profesorado para exercer como axentes fundamentais no proceso dinamizador e normalizador.

A.3. A situación do alumnado.

Recolléronse os datos das seguintes enquisas:

20 de E.Infantil de 65 entregadas

86 de E.primaria de 120 cuestionarios

157 de E.secundaria de 187.

Pasados os datos das enquisas aos cuestionarios, describimos a seguinte situación:

Predomina o castelán como lingua habitual do alumnado en todos os niveis a media atinxe un 1.8. Só un 1% declara ter como lingua inicial e habitual o galego. Observamos claramente o proceso de perda de transmisión interxeracional do galego.

Na vida familiar predomina tamén o castelán.

No ámbito escolar aumenta a presenza da lingua galega sobre todo no alumnado de secundaria.

As actitudes cara á normalización social do galego son favorables ou moi favorables. Este resultado lévanos a reflexionar sobre as estratexias necesarias para dar o salto cara á competencia activa por parte do alumnado.

A.4. A ambientalidade lingüística do centro.

É este o indicador máis positivo de todos. A presenza da lingua galega é plena na documentación administrativa, documentación didáctica e pedagóxica, no rotulado do centro, nas notas informativas, comunicacións a pais, convocatorias, etc.

Nas comunicacións escritas e orais coas familias e institucións, o uso do galego é total. A situación varía algo nos contextos informais, onde xa aparece máis o castelán.

A lingua predominante no persoal non docente, dependente do concello é a galega.

O emprego da lingua galega por parte da ANPA é pleno (cosa distinta é a súa lingua habitual e a lingua usada nos contextos informais). Nestas dúas últimas variables observamos un uso ritualizado do idioma.

A dotación de fondos en galego da Biblioteca é aceptable.

Con respecto nas TIC fomos conseguindo avances como a creación de blogues onde se colgan presentacións en power-point, confección de vídeos, con diferentes temáticas.

A visibilidade das accións do EDL é positiva.

B. OBXECTIVOS DO PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Constatada a presenza do galego en igualdade co castelán no contorno sociolingüístico do centro e conseguida unha ambientalidade lingüística do colexio moi positiva, o noso traballo atenderá sobre todo a dinamizar e potenciar a lingua galega no profesorado e sobre todo no alumnado.

O CPI A Xunqueira presenta unha ambientalidade lingüística moi positiva, sen embargo constatamos que o alumnado fala cada vez menos a lingua galega, mesmo nas materias que se imparten nesa lingua; polo que o noso traballo seguirá atendendo sobre todo a dinamizar e potenciar a lingua galega no profesorado e sobre todo no alumnado. Perseguiremos, polo tanto:

- Mellorar as actitudes e tratar de solventar os prexuízos que presenta a comunidade educativa tanto a nivel de profesorado como de alumnado.
- Potenciar as competencias orais activas e pasivas.
- Potenciar os usos cultos e escritos da lingua galega.
- Promocionar a cultura e as festas tradicionais.
- Potenciar e dinamizar a presenza do galego nas TIC.
- Apoiar todas aquelas iniciativas culturais e sociais que teñan como obxectivo a defensa e promoción do noso idioma: campañas, manifestos...

C. PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES.

Este ano o Claustro de profesores reunido en sesión extraordinaria o xoves 4 de outubro, acordou suspender os festivais e demais celebracións conxuntas de todo o centro como medida de protesta ante os recortes da Consellería de Educación. Polo tanto, as distintas festividades celebraranse a nivel de ciclo ou de aula.

C.1. Celebracións anuais.

- **Festas do outono: magosto e samaín.**

No canto das tradicionais celebracións conxuntas, traballarase estas festas típicas da nosa terra a nivel de ciclo ou de aula. Faranse viñetas, presentacións, exposicións de froitos e cabazas... Recolleremos o traballo no blog de normalización.

- **Nadal:**
 - Carta aos Reis Magos. O EDL elaborará unha carta dirixida aos Reis Magos para distribuír entre os alumnos de infantil e primaria a semana anterior ás vacacións de Nadal. Os alumnos de secundaria dramatizarán a recollida de cartas polos paxes reais visitando as aulas dos máis pequenos.
 - Concurso de tarxetas de Nadal. Coa colaboración do departamento de plástica e dos mestres de plástica de primaria, organizarase un concurso de deseño de postais de Nadal. Haberá dúas tarxetas gañadoras, unha da etapa de primaria e outra de secundaria. Ambos

deseños levaranse ao prelo para entregar un exemplar de cada unha a todo o alumnado co fin de que feliciten as festas en lingua galega.

- Semana de Nadal. Ao longo da semana previa ás vacacións de Nadal traballaremos felicitación, panxoliñas... propias de Galicia.

- **Día da Paz.**

Durante os días previos á celebración do Día da Paz, traballaremos con poemas, cancións... en galego que fagan alusión a este tema. Ademais cada neno elaborará un adhesivo para colocar ese día con lemas significativos en galego ou plurilingües.

- **Entroido.**

- Coplas. Elaboraranse coplas de Entroido en base a melodías populares.
- Concurso de carautas. Elaborarase un concurso de carautas de Entroido en colaboración co departamento de plástica e cos mestres de plástica de primaria.
- Coñecemento de diferentes manifestacións culturais do Entroido en Galicia. En colaboración co equipo de biblioteca farase unha recolección de material bibliográfico e multimedia sobre as diversas maneiras de festexar o Entroido en Galicia.

- **Os maios.**

Celebraremos un concurso de fotografía e pé de foto en lingua galega co tema “Os animais”. Os traballos presentados formarán parte dunha exposición aberta ao público que se realizará a Semana da Galegidade na entrada do colexio.

- **Letras galegas.**

- Semana da galeguidade. Ao longo de todo o terceiro trimestre, e principalmente durante a semana previa ao Día das Letras Galegas, realizaranse unha serie de actividades culturais en colaboración co equipo de biblioteca en torno á figura de Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado deste ano, e á data en si mesma.
- Concurso de marcapáxinas. Coa colaboración do departamento de plástica e dos mestres de plástica de primaria, farase un concurso de marcapáxinas coa figura de Roberto Vidal Bolaño.
- Díptico. Elaborarase un díptico informativo sobre a vida e obra do autor homenaxeado, que posteriormente se repartirá a todos os alumnos.
- Encontro con escritores. Aínda estamos pendentes das ofertas editoriais para saber quen nos visitará este ano.
- Torneo da galeguidade. Ao longo da semana da galeguidade terá lugar a final do torneo anual de fútbol. A organización, convocatorias, táboas de clasificación e crónicas deportivas fanse en galego.

C.2. Mellora de actitudes.

Co fin de mellorar as actitudes lévanse a cabo as seguintes accións:

- Continuamos traballando cun taboleiro exclusivo para a Normalización lingüística. Trátase dun taboleiro dinámico no que alumnos e profesores imos poñendo novas de interese, campañas en prol da lingua, convocatorias de actividades e diferentes concursos. Está situado na entrada do colexio e á vista de todos.
- Continuamos co grupo de voluntariado lingüístico co fin de acoller ao alumnado inmigrante ou procedente doutras comunidades, co fin de iles introducindo na vida escolar e no coñecemento do idioma.
- Con respecto ao profesorado aproveitamos as CCP dos primeiros meses para presentar e aprobar de forma definitiva o PLC que garantirá a

consecución das mesmas competencias lingüísticas nas dúas linguas presentes na nosa comunidade.

C.3. Mellora das competencias orais e escritas.

As actividades programadas para acadar este obxectivo serán as seguintes:

- Edición do periódico escolar **O Xunquiño**. Elaboraranse dous números (Nadal e Fin de curso) cos traballos de todos os alumnos das distintas etapas educativas. Colaborarán para a súa redacción e montaxe un grupo de alumnos de secundaria matriculados na materia de Atención Educativa.
- **Contacontos**. Contrataranse espectáculos teatrais ou contacontos para todas as diferentes etapas educativas.
- **Contacontos bilingües**. En colaboración co departamento de linguas estranxeiras organizamos varias sesión de contacontos, espectáculos ou recitais bilingües.
- **Club do debate**. En colaboración co departamento de lingua galega, os alumnos de secundaria participarán no club do debate.
- **Intercambio lingüístico**. Os alumnos de 6º de primaria participarán nun intercambio lingüístico con alumnos doutro centro educativo da súa mesma idade (probablemente sexa co CEIP Nº1 de Melide). Comezarse cun intercambio escrito a través de cartas, correos electrónicos, etc., e logo faremos unha visita ao seu pobo, á vez que os invitaremos a visitar o noso.

Para mellorar as competencias activas do alumnado introducimos hai dous anos varias novidades, que se ben conseguiron pequenos avances, son moi significativos, e por iso volveremos a organizalos:

- Contratación de Obradoiros lingüísticos Máis Alá desenvolvidos pola empresa Atalaia. Nestes obradoiros trabállanse as actitudes, pero sobre todo créanse espazos dinamizadores e actividades próximas á mocidade.
- Organización do III Concurso de monólogos en lingua galega “Lareteando”, en colaboración co departamento de lingua galega e o 3º ciclo de educación primaria.

Outras actividades que tenden a mellorar as competencias orais e escritas son as seguintes:

- Concurso de cartas e poemas de amor por San Valentín (patrón do barrio).
- Participación dos alumnos de EDL na potenciación da lectura en galego nas aulas de infantil e primaria. Os alumnos participarán como contacontos para os máis pequenos.
- Participarase naquelas actividades dinamizadoras que se consideren axeitadas propostas pola Coordinadora de Equipos de Normalización da comarca de Ferrolterra.
- Participarase naqueles actividades dinamizadoras que se consideren axeitadas propostas polo Servizo de Normalización Lingüística do concello de Fene.

C.4. O galego nas TIC.

Un dos nosos obxectivos é incrementar a presenza do galego nas TIC. Temos varios blogues no centro, e dous deles están integramente en galego, que son o de normalización e o de convivencia. No resto deles tamén hai contidos en galego, ademais de noutras linguas. Pretendemos aumentar a presenza do noso idioma en todos eles.

Ademais disto, faremos un traballo máis profundo no blogue de Normalización. Intentaremos levar a cabo as seguintes actividades:

- Recompilación de recursos didácticos en galego para que os mestres das distintas etapas poidan botar man deles e traballar nas aulas.
- Recompilación de xogos ou actividades máis lúdicas en galego para que os nenos poidan facer uso delas tanto nas aulas como desde a súa casa.
- Recollida de todas as actividades que se realicen no centro que teñan que ver coas manifestación culturais e lingüísticas propias de Galicia.

A consecución dos obxectivos marcados debe formularse a longo prazo. Revisaremos ao final de cada curso os obxectivos acadados e a partir de aí, engadiremos ou reorientaremos o noso labor. Imos conseguindo, polo menos,

unha conciencia lingüística positiva do alumnado, nun momento en que a presión social contra o galego é máis forte.

7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

7.1. Grupo de traballo: PROGRAMA DE REFUERZO ORTOGRÁFICO A TRAVÉS DE LA PLATAFORMA MOODLE para 3º ciclo de Primaria

PROGRAMA DE ORTOGRAFÍA A TRAVÉS DE MOODLE

Modalidade: Grupo de Traballo

- María Lamas Vázquez
- Begoña Santiago Otero
- M^a Carmen Rodríguez Feijoo
- Yolanda Castro González
- Araceli Pintos López (coordinadora)

Xustificación

Son moitos os erros ortográficos que se manteñen nas producións dos nosos alumnos/as, ben pola falta dun control sistemático nos seus escritos, polas novas formas de comunicación (SMS, redes sociais, chats...) ou pola falta de interese no que escriben.

O noso propósito é xerar un método de aprendizaxes ortográfico motivador, ameno e intelixible, cun modelo de actividades e traballos continuos e sistemáticos, que ao final conteñen unha base lúdica, no aprendizaxe das regras ortográficas e composición escrita.

Mediante este programa pretendemos fomentar as capacidades creativas do alumnado, favorecer a súa apreciación estética e facilitar a correcta manifestación tanto oral como escrita do seu mundo interior.

Obxectivos

- Mellorar o rendemento ortográfico dos nosos alumnos e alumnas.
- Aumentar o coñecemento das regras ortográficas (naturais e arbitrarias).
- Favorecer o interese por mellorar en canto á expresión escrita e oral (tanto en contido, forma como en estética).
- Mellorar as competencias TIC do alumnado a través do uso da plataforma MOODLE como instrumento de formación e de realización de actividades.

Contidos

Regras Ortográficas (naturais e arbitrarias) Lingua Castelá

Signos de puntuación - Punto Aparte, Seguido, Final. - A coma - O punto e coma -

O guión - Signos de admiración - interrogación

Acentuación. - Agudas, llanas, esdrúxulas e sobresdrúxulas - A til diacrítica

Escritura creativa - Pasos previos: plantexamento - borrador - repaso - escritura -
revisión final - Textos produtivos: Descricións - cómics - contos - relatos - poemas

O plantexamento principal do programa é na área de lingua castelá. Poderemos
ampliar os contidos na área de lingua galega.

4. Organización de recursos materiais e humanos e espacios

Participarán neste programa as titoras dos cursos ABALAR, e os diferentes
compoñentes do grupo de traballo que formaranse no uso e manexo do MOODLE
e na elaboración de contidos.

Os cursos Abalar son 5º e 6º de Educación Primaria.

5. Temporalización

O curso académico 2012 - 2013. O programa comezará en Outubro.

6. Avaliación

O programa de ortografía terá unha avaliación continua tanto do traballo de aula
coma dos contidos, e valorarase cada tres semanas, aproximadamente, a mellora
no rendemento ortográfico do alumnado.

Ademais, ao finalizar cada trimestre, realizarase unha análise global do traballo
tanto por parte do profesorado implicado coma por parte do alumnado.

Este proceso de valoración permitirá realizar as modificacións necesaria para
buscar a funcionalidade do programa e a xeneralización das aprendizaxes.

7.2. Grupo de Traballo: FOMENTO DO USO DO GALEGO A TRAVÉS DO BLOGUE

Membros:

Inés Castro Méndez (Coordinadora)

Cecilia Dopico Souto

Isabel Losada Álvarez

Mercedes Saavedra Díaz

Xustificación

A pesar da presenza do galego no contorno sociolingüístico do noso centro, constatamos que cada vez hai un menor número de alumnado que se expresa en lingua galega. Polo tanto, atopámonos na necesidade de intentar potenciar e dinamizar o galego tanto entre o profesorado como entre o alumnado.

Tendo en conta, por outra banda, a forza e os recursos que nos poden aportar as novas tecnoloxías da información e da comunicación neste senso, pensamos que este pode ser o camiño que nos leve a aumentar a presenza do noso idioma, así como a frear a mingua do seu prestixio social.

Así, cremos que a través dun blogue poderemos facilitarlle tanto ao profesorado como ao alumnado recursos para traballar no noso idioma. Ademais, serviranos para achegar á comunidade educativa todas as accións que se levan a cabo no centro para potenciar a lingua e a cultura de Galicia.

Obxectivos

- Potenciar e dinamizar a presenza do galego nas TIC.
- Mellorar as actitudes e tratar de solventar os prexuízos por parte de toda a comunidade educativa de cara á lingua galega.
- Aumentar os recursos do profesorado para usar o galego nas aulas.
- Recompilar xogos ou actividades máis lúdicas en galego para que os nenos poidan facer uso delas tanto nas aulas como desde a súa casa.
- Recoller todas as actividades que se realicen no centro que teñan que ver coas manifestacións culturais e lingüísticas propias de Galicia.

Temporalización

Este grupo de traballo desenvolverase dende o mes de outubro de 2012 ata maio de 2013, cunha duración total de 50 horas.

As reunións dos compoñentes do mesmo terán lugar os xoves de 16.00 a 19.00 h. no centro escolar.

Metodoloxía

Para a realización deste grupo de traballo combinaremos o labor en equipo co traballo en pequeno grupo.

Comezaremos pola análise da situación actual, polo que a primeira fase será máis teórica, de documentación e recollida de información; logo pasaremos a un traballo máis práctico de recompilación de recursos e actividades, que xa faremos en pequeno grupo.

7.3. Grupo de Traballo: **ELABORACIÓN DE ACTIVIDADES NO ENTORNO ABALAR.**

1. XUSTIFICACIÓN.

Punto de partida:

Duns anos a esta parte, no centro, nótase un cambio tendente o emprego das TIC. Isto é debido a diversos factores:

a) Mellora dos equipamentos:

- Todas as aulas teñen acceso a Internet, tanto por cable coma wifi.
- Hai proxectores en todas as aulas.
- O profesorado dispón de varios portátiles para uso interno.
- Equipamento da aula de informática con novos equipos.

b) Formación do profesorado:

- Nos últimos anos, ademais dos cursos de formación Abalar para o profesorado que imparte materias en 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO; varios compañeiros/as veñen de facer cursos de formación relacionados, directa ou indirectamente, co entorno Abalar

c) Implicación do claustro:

- Actualmente estase a traballar na páxina web do centro e na promoción das aulas virtuais.

Detección das necesidades:

Logo de falar con varios compañeiros/as do claustro, comprobamos que, aínda tendo certos coñecementos e dominio do entorno Abalar, non se lle saca todo o proveito os recursos dos que dispoñemos. Existe certo número de docentes que empregan con asiduidade o portátil do profesor, así como o encerado dixital, pero é moi ocasional o emprego dos miniportátiles. Isto é debido, entre outras razóns, o descoñecemento das posibilidades que o software dos equipos ofrecen. Este curso, terá como principal obxectivo dar solución a ese problema; traballando na creación de actividades e contidos con tales recursos.

Importancia pedagóxica do proxecto:

Reforzar o seu emprego no día a día, tendo en conta, que só son unha ferramenta máis, moi potente, pero unha simple ferramenta que debemos empregar en función das nosas necesidades, pero tendo en conta a súa dobre funcionalidade, como apoio pedagóxico para o profesorado e como adquisición de competencia dixital no alumnado.

2. OBXECTIVOS:

Principais:

- a. Coñecer e traballar co software dos portátiles abalar.
- b. Crear actividades e contidos que poidan ser aplicados na aula.
- c. Coñecer o equipamento abalar e xestionar as incidencias.

Secundarios:

- a. Coñecer outras experiencias relacionadas co software abalar.
- b. Traballar co servidor do centro e diferentes ferramentas de autor.
- c. Elaborar materiais interactivos mediante blogues, webquest, wikis, etc.

Repercusión na práctica docente:

- Incrementar o uso dos elementos Abalar nas aulas.
- Crear un repositorio de actividades e materiais para o servidor do centro.
- Crear un clima favorable cara o emprego das TIC na aula.

3. CONTIDOS, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.

3.1. Contidos:

- Conexión e funcionamento básico da aula.
- A PDI: características básicas, software e posibles usos e aplicacións na aula.
- Aspectos lexislativos: licenza, dereitos de autor, publicacións...
- Solucións de problemas relacionados co hardware abalar.
- Software dos portátiles Abalar:
 - Xournal
 - Dia
 - Freemind
 - K3B
 - Lim
 - Ardora
 - Jclic
 - Exelearning
 - Impress
 - Gimp
 - Audacity
- Ferramentas online:
 - Google: docs, calendar, maps.
 - Webquest con Google site.
 - Blogs con Blogger.
 - Wikis.
 - Marcadores sociais.
- Servidor do centro.
- Aula virtual

3.2. Actividades temporalizadas:

- MODULO 1: Introducción (4 horas)
 - Coñecemento dos elementos básicos que forman a aula e o Espazo Abalar.
 - Coñecemento da correcta conexión de todos os elementos abalar.
 - Solución dos diferentes problemas que poidan acontecer na aula abalar.
 - Coñecemento do funcionamento básico e aplicacións da PDI.

- Coñecemento dos aspectos legais relacionados coas licenzas, dereitos de autor, publicacións...
- MODULO 2: Software abalar e ferramentas de autor (19 horas)
 - Elaboración de apuntes e notas con Xournal.
 - Creación de fluxogramas mediante Dia.
 - Elaboración dun mapa conceptual con Fremind.
 - Gravación de cds mediante K3b
 - Creación dun libro Lim
 - Elaboración de actividades con Ardora.
 - Elaboración de actividades con Jclic.
 - Creación de contidos educativos con Exelearning.
 - Creación de presentacións con Impress.
 - Gravación e edición de sons con Audacity.
 - Tratamento de imaxes con Gimp.
- MODULO 3: Ferramentas online (11 horas)
 - Aplicacións de Google:
 - Elaboración dunha enquisa con Google docs.
 - Posibilidades de Google maps: realización de percorridos, elaboración de rutas...
 - Posibilidades do Google calendar: axendas compartidas.
 - Realización dunha webquest ou miniquet con Google site.
 - Elaboración dun blog en Blogger.
 - Elaboración dunha Wiki.
 - Coñecemento e emprego de algún marcador social.
- MODULO 4: Servidor do centro e aula virtual (6 horas)
 - Subir actividades feitas ao servidor do centro.
 - Subir actividades e contidos a aula virtual.

4. METODOLOXÍA

A formación no centro terá a seguinte estrutura:

- Detección das necesidades formativas.
- 10 horas de docencia no centro co material abalar.

- As sesións de docencia durarán normalmente 1 hora, con 2 ou 3 horas extras de práctica, dando comezo ás 16:00 dos luns.
- A docencia será en gran grupo, pasando a traballar logo en pequenos grupos.
- Haberá 10 horas de traballo individual na casa.

Repartimos os contidos en catro módulos:

- Módulo 1: Introducción. Compoñentes da aula Abalar.
- Módulo 2: Software abalar e ferramentas de autor.
- Módulo 3: Ferramentas online.
- Módulo 4: Servidor do centro e aula virtual

En todos eles seguiremos unha metodoloxía similar:

- Presentación teórico-práctica dos contidos.
- Práctica:
 - Manexo do que se explicou.
 - Elaboración de materiais propios aplicables a aula.
 - Resolución de problemas.
 - Propostas de mellora.

En todos os módulos aportaremos documentación extra (manuais, titoriais, exemplos, etc), para reforzar o aprendido e/ou poder ampliar coñecementos.

5. ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS:

Traballaremos nunha aula abalar do centro, principalmente co portátil do profesor (hai 7 no centro), pero tamén co do alumno, para valorar as diferenzas e ser capaces de solucionarlles posibles problemas e coa PDI.

Todo o material teórico visto en clase será aportado polo coordinador aos asistentes o grupo de traballo.

O material elaborado polos compoñentes do grupo de traballo será gardado polo seu autor e presentado na memoria deste proxecto.

6. AVALIACIÓN:

Consta de tres fases:

- Unha avaliación inicial.
 - Detección das necesidades formativas dos compañeiros.

- Grao de preparación do coordinador.
- Material e recursos necesarios.
- Unha avaliación continua.
 - Valoración das docencias.
 - Valoración da dinámica de traballo grupal.
 - Idoneidade do material e recursos empregados.
- Unha avaliación final
 - Calidade das docencias.
 - Valoración do traballo grupal, adquisición de habilidades.
 - Material e recursos.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Avaliación inicial:
 - Coloquio informal cos compoñentes do grupo onde valoramos os seguintes aspectos:
 - Coñecementos previos.
 - Necesidades.
 - Expectativas.
- Avaliación continua e final:
 - Pasaremos o seguinte test:

8. TEMPORALIZACIÓN:

	Excelente	Moi boa	Boa	Regular	Mala
Docencia recibida					
Materiais aportados					
Materiais elaborados					
Aplicación dos materiais					
Repercusión práctica					
Grao de satisfacción xeral					
Organización de recursos					
Propostas de mellora					

MODULO	DATAS	CONTIDOS	DOCENCIA	PRÁCTICAS
1	12/11/2012	Conexión e funcionamento básico da aula. PDI. Aspectos legislativos.	0 horas	4 horas
2	26/11/2012	Xournal Dia K3B	1 hora	3 horas
	10/12/2012	Freemind Lim	1 hora	2 horas
	14/01/2013	Ardora Jclíc	1 hora	2 horas
	28/01/2013	Exelearning Impress	1 hora	3 horas
	18/02/2013	Gimp Audacity	1 hora	2 horas
	25/02/2013	Repaso contados vistos	0 horas	3 horas
	11/03/2013	Servidor do centro	1 hora	2 horas
3	08/04/2013	Ferramentas online: - Google calendar - Google docs - Google maps	1 hora	2 horas
	22/04/2013	Ferramentas online:	1 hora	2 horas

		- Webquest (Google site)		
	06/05/2013	Ferramentas online: - Blogs - Wikis	1 hora	3 horas
4	20/05/2013	Aula virtual Memoria final	1 hora	3 horas
Horas totais			10 horas	30 horas

- Haberá 10 horas de traballo individual ata completar as 50 horas deste Grupo de Traballo

9. NECESIDADES ORZAMENTARIAS:

Solicitamos orzamento par cubrir os seguintes gastos:

- 10 horas de docencia.
- Material de almacenamento de información para os compoñentes do grupo.
- Desprazamentos: non se contempla.

I

COMPOÑENTES DO GRUPO:

- Coordinador: Diego Calviño Fernández
- Resto de compoñentes:
 - Isabel Hermida Rodríguez
 - Cristina Meitín Santamaría
 - Sandra Pombo Pasín
 - Rosa Rodríguez Serantes
 - Ana Sobrido Castro
 - Pilar Vázquez Castro.

8. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA:

8.1. Programa: *Distribución de froitas aos centros escolares.*

PROFESORADO PARTICIPANTE

Coordinadora: M. Dolores Yáñez Casal

E. Infantil:

Milagros Casal Hermida
Inés Castro Méndez
M. Ángeles Vázquez Maceiras
Cecilia Dopico Souto

Primaria:

Mercedes Saavedra Díaz
Yolanda Castro González
Isabel López Rocha
Araceli Pintos López
Begoña Santiago Otero

Secundaria

Purificación VilaVarela
Sandra Pombo Pasín

INTRODUCCIÓN

Os hábitos saudables fórmanse e incúlcense na infancia. Altos consumidores de froitas e verduras na infancia continúan séndoo de adultos.

A loita contra a obesidade e para conseguir un equilibrio calórico na dieta debe manterse e afianzarse toda a vida. A adquisición de hábitos saudables resulta máis se se introduce dende a infancia.

O papel da familia é imprescindible na adquisición de hábitos saudables. Os centros educativos son espazos educacionais moi axeitados para modificar algúns hábitos por ofrecer un ambiente inmejorable para a interacción e cooperación de varios actores: profesorado, alumnado, familias e os subministradores de alimentos.

A distribución gratuita de froitas como proposta do Plan de Consumo de froita nas escolas, subvencionado polo FOGGA, é esencial para a eficacia desta intervención, permitindo solventar desigualdades sociais.

Proporcionar froitas a nenos/as en idade escolar, ademáis da contribución á cohesión social pola igualdade de oportunidades que isto supón, achega ao alumnado un mundo de sabores e elementos nutricionais que moitos rexeitan ou descoñecen.

OBXECTIVOS

- Desenvolver hábitos saudables
- Aumentar o consumo de froita entre o alumnado
- Sensibilizar e infundir o hábito de dito consumo.
- Fomentar o coñecemento e identificación clara das diferentes froitas sen procesar; despertando o interese polo consumo de alimentos para o consumo directo, non transformado.
- Adquisición de valores que propician o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente.

ORGANIZACIÓN

Ao longo do curso, levaranse a cabo dúas semanas da froita, coincidindo co outono (ao redor de mediados de novembro) e a primavera (maio).

Previas a estas semanas, realizaranse reunións de delegados/as coas Xefaturas de Estudo para organizar e preparar ditas semanas. Comunícanse as datas, os nomes das froitas, información sobre elas, elaborándose un informe sobre os beneficios que produce o seu consumo.

Paralelamente, iniciarase unha campaña de limpeza no centro. Baixo o lema: *“Lixo separado non é lixo”*. Abranguendo tanto a organización da limpeza das aulas como a recollida selectiva de residuos na aula e patio. Recolléndose tamén os residuos orgánicos.

METODOLOXÍA

- Carteis e tríptico informativo ao principio da campaña.
- Cartelería informativa dos beneficios que as distintas froitas producen no organismo e a difusión nas aulas e nas sesións de titoría.
- Proporcionar recursos que reforcen a adquisición de hábitos a través do blogue de convivencia (convivenciaaxunqueira.blogspot.com).

AVALIACIÓN

A través de cuestionarios analizaranse a implicación de todos os sectores que neste programa interveñen (alumnado, profesorado, familias); valorándose a organización, implicación e respostas que o *Programa Distribución de Froitas aos centros escolares* provocou nas programacións e na convivencia no centro.

8.2. Programa: CONSUMÓPOLIS

PROFESORADO PARTICIPANTE

Coordinadora: Sandra Pombo Pasín

Participantes: Lucía Sesto Porto

Cristina Meitín Santamaría

INTRODUCCIÓN

Os alumnos/as da materia de Atención Educativa de 2º e 3º de ESO participarán no concurso sobre consumo responsable e calidade de vida.

O concurso está organizado pola Consellería de Economía e Industria.

O obxectivo é adquirir pautas de consumo responsable

ANEXOS

1 PROXECTO LECTOR DO CENTRO

Segundo se recolle no Decreto 130/2007, do 28 de xuño (DOG do 9 de xullo) polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG do 13 de xullo), polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación (LOE) e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír no seu Proxecto Educativo de Centro, proxectos que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

Este documento desenvolverase a medio prazo, nel participarán tódolos profesores/as do Centro e será a referencia para a elaboración dos Plans anuais de lectura. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente.

PRINCIPIOS XERAIS QUE DEBEN REXER O PLAN DE LECTURA

- A lectura é unha materia transversal de todas as áreas do currículo e a ferramenta indispensable para a aprendizaxe de todas as materias.
- O fomento da lectura é tarefa de todos os que teñen responsabilidade na educación: pais e profesores.
- O alumnado debe ler durante as horas lectivas e de forma individual e colectiva materias divulgativas de todas as áreas.
- A lectura debe ir ligada á escritura (expresión escrita, ortografía, técnicas de presentación, vocabulario) e á expresión oral, polo que estas actividades deben traballarse de forma conxunta.
- As campañas de fomento da lectura e outras actividades deben ser asumidas por todo o claustro.

OBXECTIVOS

- Espertar o gusto e o interese dos alumnos/as pola lectura.
- Formar lectores e lectoras competentes e crear hábitos de lectura.
- Desenvolver nos alumnos/as actitudes favorables cara á lectura, creando ambientes lectores.
- Formar aos alumnos nas capacidades necesarias para usar de forma autónoma os recursos dos que dispón.
- Fomentar a lectura e promover os recursos e servicios da biblioteca escolar dentro e fóra do conxunto da comunidade escolar.
- Inculcar e fomentar nos alumnos /as o hábito da utilización das bibliotecas ó longo da súa vida.
- Realizar experiencias de creación e utilización da información a fin de adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.
- Prestar apoio a tódolos alumnos/as para a adquisición e aplicación de capacidades que permitan avaliar e utilizar a información, independentemente do seu soporte, formato ou medio de difusión, tendo en conta as formas de comunicación que existen na comunidade.
- Fomentar o uso da biblioteca de aula.

ORGANIZACIÓN

En función dos obxectivos propostos planifícanse e desenvólvense actividades encamiñadas á mellora da competencia lectora e ó fomento do hábito lector.

- Distribuiranse os tempos, espazos, medios e recursos en relación coa biblioteca do centro e de aula.
- Decidirase o enfoque que se lle vai dar a este plan lector e as diversas actividades de animación á lectura.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O CURSO 2012-2013

UN OUTONO DE MEDO

1º trimestre

Todas as actividades terán relación con contos ou relatos de medo ou misterio axeitadas segundo os diferentes niveis do alumnado.

- Unha exposición de libro de misterio e terror na biblioteca que poderá ser visitada por todos os membros da comunidade escolar
- Cada clase elixirá un libro dos expostos para traballar na aula o na biblioteca co seu titor. Logo elaborarán un traballo coas opinións dos alumnos sobre o libro lido e a súa valoración
- Exposición de Contos e Lendas tradicionais nos taboleiros dos andares recollidos polos alumnos coa colaboración das familias.

ENTROIDO

2º trimestre

- Recompilación de materiais bibliográficos e multimedia que reflectan as diversas manifestacións do Entroido en Galicia.
- Proxección dos materiais recompilados.
 - Exposición de libros do Entroido: disfraces, maquillaxe..
 - Taller de maquillaxe na biblioteca.

LETRAS GALEGAS

3º trimestre

No terceiro trimestre traballarase sobre a obra do autor ou autora a quen lle sexa dedicado o Día das Letras Galegas: Roberto Vidal Bolaño.

- Representación teatral dunha obra de Vidal Bolaño polo alumnado de 6º de primaria.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER AO LONGO DE TODO O CURSO

- Lecturas en voz alta por parte do mestre ou dos alumnos de poemas, contos, etc.
- Intercambio de experiencias lectoras: quincenalmente un alumno falará á clase do último libro lido.
- Lectura na aula dos Contos tradicionais e Lendas recompilados.

- Continuarase co labor iniciado o curso pasado no blogue, con recomendacións e comentarios de lecturas para os diferentes niveis das actividades e conmemoracións propostas.
- “A mochila viaxeira” será tamén utilizada voluntariamente polos titores que o consideren oportuno. Nela irán libros para cada un dos membros da unidade familiar, acompañados dun caderno, onde poderán expresar as súas opinións sobre os libros lidos.

AVALIACIÓN

Para a avaliación deste plan terase en conta ademais dos aspectos relacionados co hábito lector (índices de lectura), a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria, e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio de aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Para a avaliación deste plan, os equipos de ciclo e os departamentos elaborarán unhas táboas de dobre entrada onde se irán anotando os distintos aspectos a avaliar.

RECURSOS

- Biblioteca do centro.
- Biblioteca de aula.
- Aula de informática.
- Videoteca.

2. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN CURSO 2012 - 2013

Entre os obxectivos específicos para o presente curso escolar sinalamos os seguintes:

- Coordinar e dinamizar a integración curricular das Tecnoloxías da Información e da Comunicación no centro.
- Supervisar a instalación, configuración e desinstalación do software de finalidade curricular.
- Asesorar ao profesorado sobre materiais curriculares en soportes multimedia, a súa utilización e estratexia de incorporación á planificación didáctica.

- Realizar unha análise de necesidades do centro relacionadas coas Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Redactar unha planificación que permita saber a dispoñibilidade das aulas de informática e dos medios audiovisuais, para así incrementar os seu uso.
- Animar os profesores a utilizar os ordenadores portátiles de cada planta nas súas clases aproveitando a rede wifi, cando as aulas de informática estean ocupadas.
- Concienciar aos profesores sobre a utilidade das TIC e fomentar o seu uso.
- Dar a coñecer e fomentar a utilización de software libre, tanto entre o profesorado como entre o alumnado.
- Fomentar a páxina web do centro, invitando a participar na súa elaboración e actualización a cada un dos sectores educativos, para que sexa unha ferramenta efectiva a hora de divulgar as informacións que xera o centro.
- Actualizar o inventario de medios informáticos e audiovisuais, así como das direccións IP dos ordenadores con conexión a Internet.
- Continuar coa política da dirección do centro en canto á promoción da comunicación electrónica para a redución do consumo de papel.
- Optimizar o gasto de material funxible, mediante a redución da impresión con impresoras de tinta utilizando a fotocopiadora.

PROXECTO ABALAR

OBXECTIVOS

- Promover entre o profesorado o emprego das aulas e recursos Abalar, como ferramenta de transmisión de contidos, logro de competencias educativas e fomento das TIC.
- Achegar o Proxecto Abalar ó resto da comunidade educativa, especialmente ás familias do alumnado.
- Formar ó profesorado na elaboración de contidos e actividades, mediante o software presente nos portátiles Abalar para aplicar nas aulas cos seus alumnos/as.

ESTRATEGIAS

- O coordinador dispón, no seu horario de tres horas semanais para atender as dúbidas ou incidencias que xere o emprego de medios Abalar.

- No segundo trimestre convocarase os pais/nais/titores legais do alumnado das aulas Abalar, para informalos das posibilidades que ofrece este proxecto.
- Durante este curso, levaremos a cabo, un grupo de traballo, que ten como fin, ser capaces de elaborar contidos e actividades para o traballo nas aulas Abalar.

3. PROXECTO INTERDISCIPLINAR

O Proxecto Interdisciplinar versará no presente curso 2012/13 sobre o tema “**Nós e os outros**”

1. **Obxectivos xerais**

A) Fomentar as competencias básicas do alumnado en:

- comunicación lingüística.
- dixital.
- aprender a aprender.
- resolución de problemas.
- habilidades sociais e de autonomía.

B) Desenvolver un coñecemento global a partir de diversos puntos de vista disciplinares.

C) Reflexionar sobre as vantaxes do traballo cooperativo.

D) Fomentar a educación documental.

2 . **Obxectivos específicos**

A) Fomentar o espírito crítico e a superación de estereotipos culturais.

B) Desenvolver un estudo comparativo entre diversos países.

C) Ler diversos tipos de textos de forma comprensiva e autónoma.

D) Aumentar a capacidade de síntese.

E) Desenvolvemento das técnicas de análise da información.

F) Apreciar a adecuación e variedade de fontes e recursos.

G) Desenvolver a educación documental.

H) Fomentar e valorar o intercambio de experiencias como fonte de aprendizaxe.

3 . **DESCRIBIÓN DO PROXECTO**

Este proxecto realízase a partires dun libro : “**A volta o mundo en 80 días**”, de Julio Verne .

Levarase a cabo durante todo o curso escolar durante a sesión semanal que se fixa para esta actividade nos tres grupos de 1º de ESO.

O seu desenvolvemento implica diversas áreas: lingua, xeografía, historia, matemáticas, historia das relixións, plástica, música.

Inténtase utilizar “ A volta ó mundo” como unha invitación, un pretexto, para facer unha reflexión sobre a diversidade e a variedade de persoas, culturas, ideas... que habitan no mundo. O obxectivo desta reflexión sería fomentar o coñecemento, a valoración e aceptación de “os outros” como iguais a “nosoutros”.

O proxecto final abrangue dous **tipos de traballos**:

Individual : presentación dun traballo sobre o libro de acordo a un esquema previamente planificado e discutido (índice, biografía do autor, personaxes, resumo, opinión persoal e bibliografía).

Grupo : estudo comparativo dos diversos países que se percorren no libro (Gran Bretaña, Exipto, India e Estados Unidos).

Proposta de actividades :

- A primeira actividade consiste na presentación do proxecto e no traballo en grupo de busca de información relevante sobre Xulio Verne e a súa época e obra, finalizando esta actividade coa posta en común na clase.
- Ficha de investigación sobre os lugares onde poden atopar información (Internet, Bibliotecas Municipais, Biblioteca Escolar : horarios, servizos que ofrecen, seccións...).
- Realización plástica dunha maqueta do globo terrestre onde o alumnado marcará a ruta do personaxe principal do libro polos distintos países.
- Emisión dunha das versións cinematográficas.
- Traballo de grupo sobre cada un dos países que aparecen. Ditos traballos expóñense en distintos soportes e formas.
 - Para a súa confección, @s alumn@s traen informacións de diversos tipos (cadros, mapas, gráficos, datos estadísticos...) e fontes (Internet, enciclopedias, libros de consulta, de lectura...). Toda a información póñense en común dentro do grupo que, posteriormente, presenta o seu traballo.

- Este ano o traballo sobre:
- *Gran Bretaña* presentarase como un mural no que cada grupo reflectirá a información importante segundo o seu criterio, acompañada con mapas, fotos etc...
- *Exipto* consistirá nun concurso de preguntas cun equipo gañador. Previamente terán que definir unha serie de conceptos descoñecidos para el@s e seleccionar, nas súas informacións, dúas preguntas significativas sobre dito país. Isto implica centrarse no que é relevante na información.
- *India* rematarase cunha exposición oral por parte dos distintos grupos. Cadanseu traballará sobre aspectos do seu interese e que, posteriormente, se agruparan en: datos xerais (situación, clima, moeda, linguas ..); economía e historia; grandes cidades (Nova Delhi, Bombay e Calcuta); cultura, costumes e relixións. Antes da exposición oral, presentarán un guión cos puntos que van ser comentados.
- *Estados Unidos* realizarase sobre un mapa do país seguindo o traxecto que aparece no libro (San Francisco – Nova York). Analizaranse os diferentes estados e datos xerais .
- A última parte do proxecto consiste nunha reflexión sobre os distintos países traballados facendo fincapé nas súas diferenzas e nas súas semellanzas, resaltando a necesidade de comprender **aos outros** e así, **os outros** nos comprendan a **nós**.

Contidos :

Sociais: situación, clima, accidentes xeográficos, extensión, datos demográficos (densidade poboación, taxas mortalidade, nacementos, fecundidade, analfabetismo), datos económicos (PIB, IDH), algúns feitos históricos importantes, nocións básicas de imperio, colonia, países en vías de desenrolo.

Lingua: técnicas de adquisición, interpretación e transmisión de información (cadros, mapas, gráficos, datos estatísticos). Características do texto

oral/escrito. Convencións: índice, apéndice, citas. Organización y desenvolvemento xerárquico da información. Cohesión e coherencia.

Matemáticas : operacións necesarias para calcular cambio de moedas, diversos índices, velocidade, porcentaxes...

Historia das relixións : politeísmo e monoteísmo (cristianismo, islamismo, budismo e hinduísmo)

Artística: músicas do mundo (folclore, danzas, instrumentos); algúns artistas importantes (poetas, pintores, músicos); costumes: gastronomía, traxes típicos...

Busca e tratamento da información: ferramentas de traballo.

Interpretación e conversión de linguaxes escritas e gráficas e a súa aplicación ó traballo.

Presentación de hipóteses de traballo, desenvolvemento e comunicación de conclusións.

Avaliación:

Tense en conta tanto o proceso como o produto final.

Uso da autoavaliación e a coavaliación como bases deste apartado e para resaltar a importancia que ten a reflexión sobre o propio traballo.

Ten como referente a contribución á consecución das competencias básicas e, polo tanto, valoraranse:

A) Competencia lingüística e dixital :

A adecuación aos obxectivos, prazos e fases.

A capacidade de síntese, de análise das dificultades e de valoración crítica.

A estrutura adecuada do traballo.

A adecuación e variedade de fontes e de recursos no desenvolvemento, na realización escrita e na presentación oral.

Uso variado de recursos gráficos e/o audiovisuais.

B) Resolución de problemas:

- A capacidade creativa .
- A capacidade para modificar camiños e aplicar recursos alternativos.

C) Aprender a aprender :

A curiosidade e a iniciativa persoal para aprender a solucionar problemas.

O coñecemento sobre as propias capacidades, o que se sabe e como se sabe.

D) Habilidades sociais e de autonomía :

- A capacidade de autonomía e de autoconfianza.
- O esforzo e a capacidade de traballo individual e en grupo.
- A escoita respectuosa.
- A adecuación dos seus argumentos tanto no fondo como na forma.

4. A ATENCIÓN EDUCATIVA COMO ACTIVIDADE ALTERNATIVA Á RELIXIÓN

No marco do Proxecto educativo do CPI A Xunqueira, ofreceráselle ao alumnado que optara pola actividade de atención educativa diversas opcións ao longo do curso escolar.

Tratarase de implicar ao alumnado no deseño e organización das actividades, sempre dentro dun marco de traballo cooperativo.

No caso de que os titores/as non participen no desenvolvemento das actividades, deberán estar en relación co profesorado que se encargue de realizalas, para asegurar unha coherencia educativa.

Os bloques de actividades que se presentan terán unha duración variable, tratando de atender a diferentes intereses.

As actividades que a continuación se indican para cada etapa/ciclo se poden organizar en ciclos e/ou proxectos.

E. INFANTIL
<p>Xogos tradicionais e corporais</p> <p>Xogos de ordenador</p> <p>Ciclo de cine con actividades sobre a película visionada</p> <p>Actividades sobre as diferentes épocas do ano, festas e outros acontecementos de relevancia na vida escolar.</p>
E. PRIMARIA
1º ciclo
<p>Taller de contos tradicionais. Lectura dos mesmos, visionado de películas e elaboración de murais e outras actividades plásticas.</p> <p>Taller de biblioteca: promover a biblioteca, facer carteis, ler contos da mesma e elaborar murais.</p> <p>Ciclo de cine sobre diferentes temáticas.</p> <p>Recompilar de refráns, contos, cancións, lendas ou receitas galegas expoñéndoas nun mural e recolléndoas nun informe ou álbum .</p> <p>Narracións de vivencias, recordos, viaxes, experiencias persoais sobre diferentes temáticas.</p> <p>Traballar a gastronomía en torno a diferentes festas populares e tradicionais.</p> <p>Obradoiro de xogos tradicionais e de mesa e elaboración dalgún deles con material de refugallo.</p>
2º ciclo
<p>Lectura e actividades de biblioteca</p> <p>Recompilación de refráns, contos, cancións relacionados coas festas, costumes e épocas do ano.</p> <p>Gastronomía en torno a: festas (Magosto, Nadal, Entroido, Pascua), e etnias presentes no centro.</p> <p>Narracións orais: anécdotas, relatos, contos fantásticos.</p> <p>Preparación de traballos para participar en concursos, exposicións, periódico escolar.</p> <p>Obradoiro de xogos: xogos e xoguetes tradicionais, xogos de mesa, xogos de palabras, de estratexia, de atención.</p>
3º ciclo

Obradoiro de cine: Visionado de películas que xiren en torno a diferentes temáticas. Desenvolvendo posteriormente unha serie de actividades: Coloquios, traballos sobre a temática elixida (diferenzas, semellanzas, análise do contido, trama, resumo, personaxes, ...).

Obradoiro de Músicas do Mundo: Realizando audicións de diversos tipos de música coa intención de distinguir os diferentes xéneros, valorar a expresión artística que se desenvolve en diferentes partes do mundo e a súa relación coa danza como elementos de expresión artística.

Obradoiro de narracións orais: a través da dramatización e posta en escena de diversos textos (refraneiros, contos, obras teatrais, ...).

Obradoiro de prensa: Colaboracións co periódico O Xunqueño, realizando artigos relacionados coas actividades do centro: excursións, saídas, festivais, actividades na aula.

Obradoiro de xogos: Aumentar o coñecemento e o gusto sobre os diferentes xogos que están ao alcance dos alumnos/as. Investigación e construción de xogos tradicionais, práctica e elaboración de xogos de mesa, xogos de estratexia (parchís, oca, submarinos,...), de palabras (cruzadas, pasapalabra, aforcado, ...), de atención (diferencias, disparates, ...), de construción (mecano, lego).

Elaboración de folletos informativos que podan ser de interese.

SECUNDARIA

Taller de prensa: Ten a finalidade de elaborar o periódico O Xunqueño, de organizar os traballos presentados, distribuír as seccións, elaboración de portada e titulares, etc.

Elaboración de proxectos: de interese para o alumnado, tratando de concretalo nun informe.

Taller de xogos: Colección, construción e práctica de diferentes tipos de xogos.

5. PLAN DE ACCION TITORIAL

A acción titorial ordénase e organízase a través dun P.A.T.

O P.A.T é a planificación das actividades propias dos titores e demais profesores, cuas funcións veñen enmarcadas no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Centros Públicos Integrados.

Dito Decreto adica o seu Capítulo V os Titores:

- Cada profesor titor: “participará no desenvolvemento do P.A.T. e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.”
- A C.C.P haberá de “Velar para que a elaboración dos Proxectos Curriculares da Etapa, nos que se incluírá o Plan de Orientación Académica e Profesional e o Plan de Acción Titorial , se realicen segundo os criterios establecidos polo Claustro”.

Segundo a orde do 24 de Xulio do 98 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación académica e profesional na CCAA de Galicia, é función do Departamento de Orientación:

- “Elaborar, acorde coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do P.O.A.P e do P.A.T, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico par o desenvolvemento destes planes”.

Os ámbitos de actuación do Plano de Acción Titorial serán os seguintes:

- a) Alumnas/os considerados individualmente
- b) Grupo-clase
- c) Equipo Docente
- d) A Familia.

Sempre tendo en conta que o obxectivo primordial da educación é o desenvolvemento integral da persoa, dividiremos en dous grandes apartados:

1.- Obxectivos xerais

- a) Optimizar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- b) Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- c) Coordina-la acción educativa do Equipo Docente.
- d) Asesorar e axudara ao alumnado na súa autoorientación.
- e) Colaborar cos/coas pais/nais no seu labor educativo.

1.1- Obxectivos Específicos :

a) Referidos aos alumnos/as

- Integrar ó alumnado no grupo e no centro
- Detectar ós alumnos con dificultades na aprendizaxe para realizar, se e preciso as adaptacións curriculares.
- Informar e asesorar ó alumno/a de xeito personalizado, tendo en conta os seus intereses e as súas capacidades.
- Favorecer e potenciar as técnicas de traballo intelectual, de aprender a aprender.
- Favorecer a autoavaliación do/a alumno/a.

b) Referido ao Grupo Clase

- Impulsar actitudes participativas, cooperativas e de respecto mutuo.
- Resolver los conflitos que poidan xurdir a través da vía do diálogo.
- Favorece-la participación do grupo na organización e desenvolvemento das actividades que lle competan.

c) Referidos ao Equipo Docente

- Participar na elaboración do PAT
- Coordinación dos titores/as do mesmo nivel.
- Coordinación do proceso de avaliación

- Orientar ós Departamentos Didácticos na adecuación das programacións ó grupo clase.

d) Referidos á familia

- Potencia-las relacións fluídas entre o centro e as familias.
- Implicalos na actividade educativa e no proceso orientador dos seus fillos.
- Informarlles da evolución e rendemento académico dos seus fillos, así coma das dificultades que presentan e a maneira de superalas.

ACTIVIDADES

Estas actividades terán un carácter flexible e poderán, ao longo do curso, ser modificadas, ampliadas ou suprimidas en función das necesidades das titorías, do departamento de orientación e da dispoñibilidade da organización do centro.

O Plan de actuación para cada un dos niveis educativos aparece recollido na Programación do Departamento de Orientación do curso 2012/13.

Para o desenvolvemento dos obxectivos xerais e das liñas prioritarias fixadas no plano de orientación márcanse as seguintes actividades:

- Charla de AESLEME (Asociación para o Estudo da Lesión Medular Espinal), que ten como destinatarios aos alumnos de 1º de ESO.
- Charla da Unidade de Transplantes do CHUAC. Destinatarios 4º de ESO.
- Charla concienciación da Doazón de Organos e/ou Sangue) . Destinatarios: 4º de ESO.
- Charlas do centro Querote. Destinatarios : 3º de ESO. Trataranse nas sesións os seguintes temas (Convivencia , Imaxe Corporal, TiCs, educación sexual, botellón)
- Actividades deseñadas pola Consellería de Educación, e Xunta de Galicia, Universidades, cara a orientación académica e profesional nas datas que se sinalen.Os destinatarios serían principalmente alumnos de 4º de ESO.

- Charla da orientadora do I.E.S de Fene para coñecer a oferta educativa do Centro. Terceiro trimestre. Os destinatarios serán o alumnado de 4º de ESO.
- Charla da orientadora laboral do concello sobre os itinerarios profesionais. Destinatarios: alumnado de 4º de ESO.
- Charlas de Fundadeps encamiñadas á prevención da VIH/SIDA. Destinatarios alumnado da ESO.
- Charlas da Asociación Arela, programa de Prevención de condutas infractoras KTORCE18. Destinatarios : alumnado de 2º , 3º e 4º de ESO.
- O Departamento de Orientación colaborará cos Servizos Sociais do Concello de Fene nas actividades deseñadas para este curso 12/13 no Programa de Prevención de Drogodencias e Promoción da Saúde. Destacamos as seguintes:
 - Campañas informativas sobre a prevención do consumo de alcohol.
 - Exposición “Comercio Xusto”
 - Información sobre o concurso “ Imaxes con Fondo”.
 - Participación Social na Adolescencia. Programa ACTIVA-T
 - Hábitos saudables.

Estas actividades desenvolveráanse prioritariamente nas horas de titoría agás aquelas que precisen unha reunión dos grupos por niveis.

As Xefas de estudo está informadas das actividades que está a propoñer os Servizos Sociais do Concello de Fene.

Para o desenvolvemento destas actividades será fundamental a colaboración dos titores, departamentos didácticos, Comisión de Coordinación Pedagóxica , titores de Ciclo, Equipo Directivo e Servizos Sociais do Concello.

Os destinatarios e as datas poderán variar en función da disposición dos axentes implicados, da organización do centro e sempre en coordinación coa Xefatura de Estudos e Dirección.

METODOLOXÍA

Fomentárase a colaboración e participación entre os membros do departamento de orientación , entre estes e os titores e o Xefe de Estudos.

Para poder desenvolver o Plan a Xefa do Departamento de Orientación reunírase cos titores e xefas de estudo, cando se precise, xa que por razóns organizativas do centro, non se dispón dunha hora de reunión cos titores do mesmo nivel. Así mesmo, cada titor, terá unha hora semanal de titoría dentro do horario lectivo do alumnado onde desenvolverá dito Plan.

O titor de cada grupo terá tamén designada dentro do seu horario, unha hora de atención ós pais .

AVALIACIÓN

Na avaliación do Plan de Acción Titorial, participarán:

O Departamento de Orientación

Xefe de Estudos.

Os titores

Os alumnos

A Comisión de Coordinación Pedagóxica

Ao final de curso avalíaranse o grado de consecución dos obxectivos e proporáanse medidas correctoras ou de mellora cara o vindeiro curso.

Como instrumentos de avaliación o Departamento de Orientación poderá elaborar un cuestionario para entregarlles aos titores e alumnos, sobre os temas que lles resultaron máis interesantes, propostas a tratar cara o vindeiro curso.